



**presentación do proxecto de  
Banca Ética Fiare en Galiza**

**Un banco en mans  
da cidadanía**



**[www.fiare.org](http://www.fiare.org)  
[fiaregz@proyectofiare.com](mailto:fiaregz@proyectofiare.com)**

## ÍNDICE

<b>1. Razóns dunha Banca Ética. Que é o proxecto Fiare?.....</b>	<b>3</b>
<b>2. Principios do proxecto.....</b>	<b>6</b>
<b>2.1. Principios identitarios.....</b>	<b>6</b>
<b>2.2. Principios operativos.....</b>	<b>8</b>
<b>3. Breve historia da orixe de Fiare.....</b>	<b>9</b>
<b>Unha Banca Ética europea no horizonte.....</b>	<b>10</b>
<b>4. Funcionamento actual: Fiare axente da Banca Popolare Etica (BpE) e Campaña de captación de capital social.....</b>	<b>10</b>
<b>4.1. Fiare, axente da BpE.....</b>	<b>10</b>
<b>4.2. Folla de ruta. Integración no proxecto Fiare e Campaña de captación de capital social.....</b>	<b>12</b>
<b>a. Como se integra unha asociación no proxecto Fiare?.....</b>	<b>12</b>
<b>b. Campaña de captación de capital social.....</b>	<b>13</b>
<b>5. Fiare Galiza.....</b>	<b>15</b>

## Fiare 1. Razóns dunha Banca Ética. Que é proxecto Fiare?

O proxecto Fiare parte dun diagnóstico concreto: as nosas sociedades son inxustas. É desde a indignación que produce esa inxustiza desde a que xorden os dinamismos para desenvolve-lo. Dentro das facetas múltiples e complexas que deseñan esta estrutura de desigualdade e exclusión, o sistema bancario é o piar sobre o que Fiare se propón actuar, construíndo unha realidade alternativa.

**A actividade económica non é neutral.** Pretende impoñerse a impresión de que a economía funciona con claves científicas nas que non entran dimensión éticas. Así, o sistema bancario tradicional pasou da súa función básica de intermediación de depósito e crédito a un entramado complexo en que o interese principal está nas carteiras de negociación especulativas. Nel fináncianse proxectos non sustentables, destructivos e defínese por provocar un excesivo endebedamento, ter por principio a exclusión bancaria dos pobres, xogar co financiamento de necesidades básicas poñendo en perigo a supervivencia de grupos humanos.... Pero a actividade económica non se desenvolve mediante mecanismos automáticos, involuntarios ou non intencionais. Toda decisión económica é, en último termo, unha decisión ética, asumida desde un marco determinado de conviccións e as súas consecuencias favorecen a unhas persoas e prexudican a outras.

A implicación ética desta realidade non se detén na acusación dirixida aos bancos e poderes económicos, xa que a participación particular de cada cidadán/á fainos responsables ante a agresión que se leva a cabo empregando, entre outros, os nosos aforros. **A SUMA** das nosas accións individuais (legais, “inocentes”, socialmente aceptadas...) ten efectos **DEVASTADORES** en persoas e lugares que non coñecemos (ou non queremos coñecer).

Ao noso redor, cada vez máis persoas e organizacións vanse facendo conscientes desta realidade e intentan tomar as decisións sobre o destino dos seus aforros, sobre as súas solicitudes de crédito ou os seus investimentos con responsabilidade, baseándose nunha información fiable e suficiente.

Xorden así preguntas como as seguintes:

- Cobre o sistema bancario actual as nosas demandas como persoas aforradoras, consumidoras e investidoras?
- Atopan as organizacións sociais e os/as seus/súas usuarios/usuarias resposta nas entidades financeiras tradicionais?
- Onde e desde que criterios invisten o noso diñeiro as institucións financeiras?
- Responden as entidades financeiras ás demandas das nosas sociedades e especialmente ás que proveñen dos sectores máis desfavorecidos?
- Existe un modelo alternativo de banca que sitúe esas demandas no centro da súa misión, visión e valores?

A nosa pretensión é **dar respostas satisfactorias** a estas preguntas e isto podemos atopalo no inicio e na base do proxecto de Banca Ética de FIARE.

### Cal é a proposta concreta do proxecto Fiare?

Desde esta visión do imperativo ético de actuar para crear un sistema bancario alternativo, nace Fiare como:

Un proxecto de **CREACIÓN** e **CONSOLIDACIÓN** dun **SISTEMA ESTATAL** de **BANCA ÉTICA** que se constitúa en **ALTERNATIVA ELIXIBLE** pola **CIDADANÍA** e que **ACTÚE SIGNIFICATIVAMENTE** pola **TRANSFORMACIÓN** do sistema financeiro, **ALIÑÁNDOSE** con aquelas entidades que xa están traballando no ámbito da **ECONOMÍA SOLIDARIA**, mediante:

- Intermediación financeira ao servizo da Xustiza.
- Transparencia informativa de todo o circuíto dos cartos.
- Funcionamento en mans dos movementos sociais.
- Carácter Non lucrativo.
- Inserencia no sistema financeiro.

A **BANCA ÉTICA** é unha proposta de intermediación financeira que persegue a transformación social, polo que os seus labores de captación de capital, investimento e préstamo realízanse desde unha filosofía integral e uns fins éticos ao servizo da xustiza.

Desde esta perspectiva, os obxectivos xerais de Fiare, como intermediario financeiro son:

- **Financiar actividades económicas** que impliquen un impacto social positivo e transformador. É dicir, apoiar empresas, actividades e proxectos sociais, ecolóxicos, culturais e solidarios, favorecendo o desenvolvemento humano tanto nas nosas sociedades do Norte coma do Sur, poñendo o diñeiro a disposición das persoas excluídas e das organizacións que traballan con elas.
- **Ofrecer instrumentos de aforro e de investimento responsables.** Trátase de poñer a disposición da cidadanía a posibilidade de apoiar cos seus aforros ese tipo de actividades, decidindo responsablemente o uso que fai a entidade financeira dos seus aforros e excluindo calquera investimento en actividades ou empresas que colaboren co mantemento da inxustiza e o deterioro do noso mundo (tráfico de armas, explotación laboral, destrución do medio ambiente ...).

Para que esta actividade de mediación financeira sexa significativa e supoña unha verdadeira alternativa para a cidadanía en xeral, Fiare ven estudando dúas posibilidades: seguir medrando e chegar ao mínimo legal esixido polo Banco de España para constituír unha cooperativa de crédito; e outra, que é a de formar parte dunha Cooperativa de crédito a nivel europeo, o que suporía a fusión de tres proxectos de Banca Ética (La Nef, Banca Popolare Etica e Fiare). Terá por tanto a mesma regulamentación da banca tradicional, pero sen que o resultado económico sexa o principal obxectivo, de xeito que ningún grupo de interese participante no proxecto Fiare poderá reclamar a maximización do beneficio económico.

Esta fundamentación da razón de ser de Fiare leva consigo unha serie de principios identitarios e operativos, que marcan a acción concreta do proxecto.

### 2.1. Principios identitarios

- **AO SERVIZO DA XUSTIZA.**

O obxectivo do proxecto radica na transformación das nosas sociedades -e particularmente o ámbito dos intercambios económicos que nelas se producen- poñendo a intermediación financeira ao servizo da xustiza.

Deste xeito, os ámbitos prioritarios para a súa actividade financeira serán a cooperación ao desenvolvemento, a inserción social de persoas en situación ou risco de exclusión social, os proxectos que promovan a sustentabilidade medioambiental, así como outros que persigan a creación e difusión de pensamento e valores sociais solidarios e transformadores. Os ámbitos de actuación son elixidos servíndose dunha **restricción positiva**. É dicir, non se trata unicamente de excluír o que por xustiza non debe apoiarse, senón de apoiar o que é realmente transformador e positivo para a sociedade.

- **INTERMEDIACIÓN FINANCEIRA DESDE AS REDES CIDADÁS.**

A marca identitaria de Fiare está na súa constitución sobre as redes cidadás, que deben ser as rectoras do proceso de intermediación financeira, xa que son as máis próximas ás realidades sobre as que se quere traballar.

As necesidades ás que este proxecto quere responder precisan de respostas que non poden ser reducidas ao apoio financeiro a través do crédito, senón que requiren do concurso das redes e organizacións da sociedade civil que, desde diferentes perspectivas, interveñen na súa transformación. Este proxecto susténtase e nace ao servizo deste rico tecido cidadán, polo que se alia cos obxectivos doutros movementos sociais do ámbito da economía solidaria, como o comercio xusto, as empresas sociais ou solidarias e de inserción, a cooperación ao desenvolvemento e, en xeral, con todas aquelas redes que traballan a favor da xustiza.

- **ACCIÓN SIGNIFICATIVA E ALTERNATIVA.**

O obxectivo está en transformar a orientación dos intercambios financeiros, implicando á cidadanía común, polo que a acción ten que ser significativa. Non se procura unha experiencia residual na formulación económica xeral da cidadanía, de familias ou de organizacións onde o proxecto se implanta. O horizonte de Fiare non é tanto crear un espazo para que quen se sinta motivado e coñeza o proxecto se achegue e obre responsablemente, como conseguir máis ben un armazón que poida agregar esas decisións individuais de transformación ata poder xerar efectos en escalas globais.

A condición de alternativa ao xeito habitual de facer intermediación financeira nas nosas sociedades esixe ofrecerlle á cidadanía os produtos e os servizos financeiros habituais que esta necesita, buscando poder constituírse nunha proposta realmente elixible “como primeira opción” (e non a menos mala, coa que seguiríamos favorecendo o sistema neoliberal e de lucro desenfreado).

- **AFORRO RESPONSABLE, PARTICIPACIÓN E TRANSPARENCIA.**

Un proxecto de intermediación financeira deste tipo require da participación activa de persoas e entidades que estean dispostas a poñer os seus aforros ao servizo dunha proposta bancaria alternativa. Trátase de crear un instrumento bancario que estea **en mans e ao servizo da cidadanía e das súas organizacións**, un proxecto no que a transparencia e a participación serán os seus acenos de identidade.

- **NON LUCRATIVIDADE E INTERESE COMÚN.**

Este proxecto é esencialmente non lucrativo: o seu enfoque sobre a rendibilidade é alternativo ao que convencionalmente se utiliza no ámbito financeiro e bancario. Aínda que son necesarias a viabilidade efectiva e a sostibilidade do proxecto, a **rendibilidade e o beneficio económico non son o seu principal obxectivo**, e ao que se lle dá vital importancia é aos procesos de toma de decisións, ao control dos salarios máis altos e a non perder a integridade durante o crecemento.

Ningunha persoa ou grupo que participa nas tomas de decisións pode beneficiarse persoalmente dos excedentes económicos que se puidesen xerar no proceso de intermediación financeira.

- **INSUFICIENCIA.**

Un sistema de Banca Ética non pode facer só intermediación financeira garantida. Para romper coa exclusión que marca a banca tradicional, requírese aplicar un principio de **insuficiencia**, é dicir, apostar pola intermediación financeira de realidades parabancarias, as non garantidas, nas que poida darse certo nivel de morosidade.


Isto implica que teñen que darse elementos de decrecemento económico, contemplados a través de fórmulas de compensación (renuncia a tipos de interese ou, incluso, tipos de interese negativos en determinados produtos, por exemplo).

## 2.2. Principios operativos

O compromiso de camiñar na consolidación dun instrumento financeiro que responda aos estándares da Banca Ética, concrétese nunha práctica operativa que contempla:

- Unha **información detallada** do destino dos cartos das persoas aforradoras e dos custos implicados nas operacións bancarias (total transparencia).
- Unha **estrutura de prezos e condicións deseñada en diálogo** coas persoas destinatarias da actividade financeira e guiada pola sinxeleza, a transparencia, a flexibilidade e a sustentabilidade económica e social.
- **O traballo** nos diferentes territorios baseado no respecto e na **colaboración coas redes locais existentes**.
- A selección como provedores preferentes de subministracións e servizos de empresas de inserción.
- Unha estrutura organizativa que **promove a participación efectiva** das persoas e entidades socias e a estabilidade do proxecto.
- O establecemento de cocientes salariais na escala de 1 a 3 no persoal profesional de FIARE e acordos en contía aos niveis salariais das entidades que promoven o proxecto FIARE.





2001

#### O punto de partida

Pode pensarse nunha Banca Ética no noso medio?

2003

#### Primeiros pasos: posta en marcha da Fundación Fiare

52 organizacións sociais vascas crean a *Fundación Inversión y Ahorro Responsable*.

Redes doutros territorios (Navarra, Catalunya) achéganse ao proxecto e comezan un proceso de construción conxunta

2004

#### Deseño da “Folla de Ruta”

Establécense os seguintes pasos:

- Busca e selección dun socio europeo.
- Elaboración dun Plan de Viabilidade da entidade.
- Posta en marcha da entidade, apoiándose inicialmente nun socio europeo.
- Modelo de construción do proxecto coa base da incorporación doutras redes territoriais de todo o estado.
- Constitución e consolidación dunha entidade financeira autónoma.

2005

#### O presente: Axentes de Banca Popolare Etica e construción estatal do Proxecto.

2009

#### O camiño: Plan de extensión territorial do Proxecto Fiare

A esixencia da proximidade ás realidades de exclusión supón que o crecemento do proxecto se vaia facendo moi “pegado ao terreo”. Búscase a implicación xurídica no proxecto do maior número posible de organizacións mediante acordos das redes e movementos sociais que existan noutros lugares.

O 12 de febreiro de 2009 prodúcese a primeira consolidación do proxecto estatal, coa incorporación como socios de seis redes territoriais, e lánzase en todo o estado a campaña de Capital Social.

Agora mesmo xa é unha realidade a Fiare Sociedade Cooperativa (rexistrada e constituída o 26 de outubro de 2009) que terá máis de 2000 socios e un capital social dun millón e medio de euros).

2010

#### O futuro: a constitución dunha Cooperativa de Crédito

Fiare estuda a posibilidade de crear unha Cooperativa de Crédito de ámbito estatal, incorporando na súa estrutura social a todas aquelas redes e entidades que se foron sumando ao proxecto durante a fase de extensión territorial. Simultaneamente, está estudando con iniciativas similares de Francia (La Nef) e Italia (Banca Popolare Etica) a creación dunha cooperativa de crédito europea.

Ata o 12 de febreiro de 2009 a forma xurídica adoptada foi S.L.U. ou Sociedade Limitada Unipersoal, constituída unicamente pola Fundación FIARE. A partir desa data pasou a ser FIARE, S.L. (inscrita con cláusula de non lucratividade) cun administrador único (por simplicidade) e unha Xunta Directiva configurada por 6+1 agrupacións (Fundación Fiare, Asociación de apoio a Fiare en Euskadi, Asociación Proyecto Fiare de Navarra, Asociación Proyecto Fiare de Catalunya, Asociación Fiare Xarxa Valenciana, Asociación Fiare-Centro, Asociación Banca Ética Fiare-Sur).

O 26 de outubro de 2009 creouse Fiare Sociedad Cooperativa (Fiare S. Coop). Pouco a pouco formarán parte de Fiare S. Coop. os socios que conforman Fiare SL. A Cooperativa Fiare é o lugar no que vamos ir construíndo o tecido social de Fiare a nivel estatal. Como é preciso poder seguir facendo intermediación financeira de aí a necesidade de que Fiare SL siga a existir.

### **Unha Cooperativa Europea de Banca Ética no horizonte.**

Ao mesmo tempo que se conforma a articulación da base social en todo o Estado español, FIARE atópase nestes momentos cooperando con redes de Banca Ética de Italia e Francia, con vistas á creación dunha posible Cooperativa Europea de Banca Ética, co obxectivo de aglutinar no horizonte de 2011 unha base social de máis de 50.000 persoas e organizacións sociais comprometidas co desenvolvemento dun proxecto consolidado de Banca Ética.



## **4. Funcionamento actual: Fiare axente da BpE e Campaña de Captación de capital social**

### **4.1. Fiare, axente da Banca Popolare Etica**

Desde o ano 2004, FIARE é axente da BpE, é dicir, ten asinado un acordo de colaboración con Banca Popolare Etica (web da Banca Ética Italiana: [www.bancaetica.com](http://www.bancaetica.com)), unha Cooperativa de Crédito nacida en Italia en 1995 que é hoxe un referente consolidado de Banca Ética en Europa. Froito deste acordo, FIARE puxo en marcha actividades de axente financeiro orientadas a comercializar no Estado español produtos financeiros de Banca Popolare Etica.

Deste xeito existen diferentes produtos de aforro que están a posibilitar xa a concesión de créditos para organizacións e actividades que traballan en diferentes ámbitos de transformación social, tanto no Norte coma no Sur.

### **Que se financia?**

- **Cobertura de Necesidades Básicas** de persoas físicas tanto no noso medio coma no Sur, mediante acordos específicos con entidades socias do Proxecto FIARE ou coas Administracións Públicas.
- **Financiamento xenérico** (estrutura, locais e tesourería) a entidades que traballan con persoas en situación ou risco de exclusión, organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento e a cooperación co Sur, empresas da economía solidaria e, en xeral, a todas aquelas entidades sen ánimo de lucro que promoven ou desenvolven actividades con impacto social positivo.
- **Créditos para a posta en marcha de proxectos empresariais** presentados por calquera persoa física ou xurídica.

A aprobación de todo financiamento está suxeita á avaliación ético-social tanto da entidade solicitante coma do proxecto.

### **Que produtos de aforro ofrece Fiare como axente da Banca Popolare Etica?**

Actualmente Fiare oferta tres produtos de aforro:

- Libreta de aforro Fiare Dispoñibilidade
- Libreta de aforro Fiare Vinculado
- Libreta Fiare Redes (vid. [www.fiare.org](http://www.fiare.org))

Nestes intres, ten oficinas permanentes en Bilbao e Barcelona presenzas regulares en Madrid, Pamplona-Iruña, Vitoria-Gasteiz, San Sebastián-Donostia e Valladolid (así como promotores do proxecto en Córdoba, Granada e Valencia). O ano 2008 supuxo crecementos en torno ao 50% tanto no aforro como no financiamento. Esta actividade financeira será trasladada á nova Cooperativa de Crédito que as redes territoriais constituirán no Estado español. Conseguíronse reunir até o momento uns 23 millóns de euros (peche do ano 2009) de aforro e apoiouse o financiamento duns oitenta proxectos por valor duns 13 millóns de euros.

## 4.2. Folla de ruta. Integración no proxecto Fiare e Campaña de Captación de Capital Social.

Paralelamente a este labor financeiro de Fiare como axente da Banca Popolare Etica, o proceso de Fiare como entidade autónoma segue avanzando e, como acabamos de mencionar, os retos e tarefas que se están a desenvolver son os seguintes:

- A **Campaña de Captación de Capital Social**. Iniciouse no verán de 2007 en Euskadi. En decembro dese mesmo ano foi acompañada polo lanzamento do proxecto en Cataluña. En 2008 comezou en Madrid e Navarra e a suscitarse noutros lugares como Valencia ou Andalucía.
- A **consolidación da actividade bancaria**. Hai que profundizar no desenvolvemento de produtos financeiros a medida, coas Coordinadoras de ONGDs, as redes de Economía Solidaria, as de Empresas de Inserción, Comercio Xusto, etc.
- A **extensión territorial**. Coa integración das diferentes redes territoriais (varias consolidadas e outras en proceso), FIARE dá un paso máis no seu proceso de consolidación dun proxecto de Banca Ética no Estado español. Esta evolución permitiu que a finais do 2009 sexa unha realidade a Sociedade Cooperativa FIARE (xa creada) que terá máis de 2000 socios/as e un capital social dun millón e medio de euros.

### 4.2. a) Como se integra unha asociación no proxecto Fiare?

A estrutura organizativa de Fiare está trazada fundamentalmente sobre a creación de territoriais (que non teñen que coincidir estritamente con comunidades autónomas). En cada territorial constitúese unha asociación ex profeso, formada pola integración das diversas organizacións –predominantemente- ou persoas físicas que se compromenten co apoio ao proxecto.

O funcionamento de cada territorial ten certa autonomía organizativa e implica a asunción dos principios de Fiare e un compromiso de traballo e de achega de capital (vid. punto seguinte sobre a campaña de captación de capital). Esta territorial constitúese como unha asociación con estatutos propios e entidade xurídica, para a

súa futura integración na cooperativa. As territoriais participarán mediante un representante. A territorial comprométese a:

- crear unha Comisión ético-social para a avaliación das solicitudes de financiamento do territorio. A estrutura profesional será a responsable da concesión, seguemento, etc., dos préstamos que se poidan conceder na zona.
- asumir unha porcentaxe ou volume de capital social (cada rede territorial fai un balance do que pode aportar: monetario, traballo, contactos ...)
- facer achegas a fondo perdido para colaborar na asunción dos gastos de constitución.
- articular e dinamizar a base social do territorio.

**Que sucede coas asociacións que son de carácter estatal?** Para estes casos existen diversas posibilidades, dependentes da capacidade de cada asociación e que aínda poden experimentar cambios, por ser un proceso en construción e en diálogo con distintas realidades:

- Funcionar de maneira transversal, coordinando internamente as súas entidades de zona, que asumen un compromiso conxunto, enviando a un/unha representante único/a á Xunta de Fiare SL.



- Fixar unha coordinación forte a través dunha única territorial de Fiare e asumir nela os compromisos.

- Que cada asociación de zona se integre na territorial que lle corresponda e asuma os seus compromisos particulares nela.

#### **4.2. b) Campaña de Captación de Capital Social.**

A constitución de Fiare como intermediario financeiro implica, como se sinalou, a recadación dun Capital Social dun millón e medio de euros € en 2010 -dos que a finais de decembro de 2009 xa están recollidos máis dun millón de euros- e de 5,5 millóns en 2011.

Hai que ter en conta que nesta campaña o máis relevante está situado na participación e na creación de redes sociais sólidas o máis capilarizadas e non a consecución de grandes achegas económicas.

En coherencia con este criterio, os importes mínimos marcados por Fiare para esta aportación de capital son:

- A partir de 300 euros para persoas físicas
- A partir de 600 euros para entidades sociais
- A partir de 1.800 euros para empresas, concellos e outro tipo de organizacións.

As achegas de capital social quedan bloqueadas nunha conta específica, polo que estes cartos non poderían ser destinados para outros obxectivos. Pódese solicitar en calquera momento o seu retorno e devolveranse integramente no caso de que non se constituía a Cooperativa.

Coa recollida de capital social, o Proxecto FIARE pretende desenvolver un dos seus alicerces fundamentais: pór en mans da cidadanía e entidades o proxecto de Banca Ética, de tal xeito que sexan estas non só clientes, senón as donas reais do proxecto, sobre a base dunha estrutura na que a construción social do proxecto se desenvolve paralelamente á súa actividade financeira.

Ademais desta cantidade de capital social é necesaria a dispoñibilidade dun capital para os gastos xerais da constitución de Fiare, polo que é preciso facer unha aportación de capital a fondo perdido. As novas territoriais incorporadas a Fiare están asumindo arredor dos 10.000 euros anuais os tres próximos anos, nese apartado de fondo perdido.

É dicir, nas achegas deste capital inicial distínguense dúas modalidades:

- Capital social, traducido en accións na entidade bancaria e recuperables, nas condicións e prazos establecidos. Dende o momento en que se constituía a cooperativa, a compra-venta de participacións estará suxeita á Lei cooperativa.

- Fondo perdido, participación solidaria en gastos de constitución adicada a custear gastos de funcionamento inicial e que, por tanto, non é recuperable.

As proporcións das achegas de capital son debatibles por cada territorial, sendo o modelo predominante unha repartición de 2/3 de capital social e 1/3 a fondo perdido.

O plan de capitalización estimativo da achega por territoriais contempla (PF: persoas físicas, e PX: persoas xurídicas):

	<b>2009</b>		
	<b>PF</b>	<b>PX</b>	<b>Cap. Soc.</b>
Euskadi	530	90	302.000
CAT	530	110	322.000
MAD	350	70	210.000
VAL	350	50	190.000
NAV	150	50	110.000
AND-EXTR	150	50	110.000
OTROS	150	50	110.000
	<b>2.210</b>	<b>740</b>	<b>1.354.000</b>

	<b>2010</b>			<b>2011</b>			
	<b>PF</b>	<b>PX</b>	<b>Cap. Soc</b>	<b>PF</b>	<b>PX</b>	<b>Cap. Soc</b>	
Euskadi	1.250	200	700.000	Euskadi	2.200	350	1.230.000
Coop57	635	100	354.000	Coop57	700	125	405.000
CAT	1.000	185	585.000	CAT	1.700	270	950.000
MAD	900	120	480.000	MAD	1.500	150	750.000
VAL	500	100	300.000	VAL	1.200	150	630.000
NAV	300	100	220.000	NAV	500	125	325.000
AND-EXT	300	75	195.000	AND-EXT	520	110	318.000
CL	200	15	95.000	CL	400	40	200.000
CLM	200	15	95.000	CLM	400	40	200.000
CAN	200	15	95.000	CAN	400	40	200.000
BAL	200	15	95.000	BAL	400	40	200.000
GALICIA	200	15	95.000	GALICIA	400	40	200.000
	<b>5.885</b>	<b>955</b>	<b>3.309.000</b>		<b>10.320</b>	<b>1.480</b>	<b>5.608.000</b>

Despois de varios encontros con responsables de Fiare promovidos por AIS “O Peto”, a territorial FiareGZ é unha realidade. As asociacións comprometidas no momento da constitución de Fiare Galiza (o 16 de xaneiro de 2010) son: ADEGA, AIS “O Peto”, Altermundo, ARELA, Asociación Amarante, Coordinadora Galega de ONG's para o Desenvolvemento, Fundación Taller de Solidariedade, Panxea, Proclade, Parroquia Cristo da Victoria de Vigo, Sindicato Labrego Galego, Solidariedade Internacional, Verdegaiá. Estes colectivos contan co apoio doutros que teñen pensado pertencer á Fiare Galiza nos vindeiros meses.

Como procedemento de adscrición ao proceso estableceuse a sinatura dun compromiso de cada asociación de que quere participar no proceso e delimitouse a seguinte folla de ruta e criterios de actuación:

- **Periodización.** A constitución da asociación e da territorial foi o 16 de xaneiro de 2010. A partir desta data poden sumarse os colectivos e persoas individuais que, desexándoo e solicitándoo, cumprir os requisitos requeridos.
- **Réxime económico por asociación:**
  - Modo normal para colectivos:
    - Achega de 600 euros para capital social de FIARE
    - Achega de 300 euros para gastos de constitución e apoio ao proxecto.  
(cumplíndose así a repartición 1/3 e 2/3)
  - Modo de compromiso forte:
    - Aportación de 600 euros para capital social de FIARE.
    - Aportación mínima de 400 euros para gastos de constitución e apoio e máxima de 600.  
(A achega estaría entre os 1000 e 1200 euros, proporción 3/5 ou 1/2).
  - Modo compromiso por necesidade:
    - Achega unicamente de capital social de FIARE 600 euros.
- **Réxime económico para persoas individuais:**
  - Aportación de 300 euros para capital social de FIARE.
  - Aportación para gastos de constitución (cantidade a valorar).